

CEIP DE REFOXOS

Plan de Convivencia

ÍNDICE

Marco legal	3
Análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.....	3
Obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.....	4
Actuacións, medidas ou programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.....	5
Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da lei 4/2011, do 30 de xuño.	13
Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como o protocolo de actuación en caso de incumprimento das mesmas.....	15
Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido no decreto que desenvolve a lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.....	21
As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.	28
Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.	29
Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.	31
Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.	32

MARCO LEGAL

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Artigo 14. Análise ou diagnóstico da situación da convivencia no centro

A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no centro e, de ser o caso, a conflitividade detectada neste. Recollerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) Características do centro e o seu contorno

Para coñecer a situación actual da convivencia do noso centro empregáronse dúas clases de fontes de datos, por unha banda realizouse unha análise dos partes de incidencias; e por outro lado tívose en conta a opinión de todo o Claustro no que a convivencia escolar se refire.

Dos resultados anteriores pódese concluír que a conflitividade nas aulas é baixa e que os partes de incidencias concéntranse na maioría dos casos no mesmo alumnado.

b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

- Os grupos de alumnos son mixtos e están agrupados dende infantil a primaria.

c) Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.

As relacións co persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria é boa en xeral pero con algunhas familias detectamos nos últimos cursos un aumento dos desacordos.

d) Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.

A relación de conflitos existentes no noso centro son:

- Condutas disruptivas (levantarse sen permiso, falar durante as explicacións...).
- Condutas violentas (dano físico e verbal).
- Condutas irrespectuosas de cara a figuras educativas.

e) Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

As medidas tomadas foron a amoestación de palabra, o rexistro das incidencias e a comunicación ás familias pedindo a súa colaboración desde as titorías.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

Artigo 12. Obxectivos xerais do plan de convivencia.

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias, particularmente coas relacionas coas habilidades sociais e cidadás e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Isto concretámolo nos seguintes obxectivos específicos:

- Favorecer a integración do alumnado dentro do centro e do grupo aula.
- Crear un clima agradable e saudable tanto non centro como na aula.
- Desenvolver habilidades e estratexias que melloren a convivencia.
- Superar todo tipo de discriminacións e de prexuízos e adoptar actitudes de solidariedade, tolerancia, respecto e responsabilidade.
- Concienciarse da importancia da sinceridade como vía para establecer relacións sás.
- Valorar o diálogo e a mediación como unha vía de solución de conflitos.
- Aprender estratexias para a resolución dos problemas de forma pacífica.
- Favorecer o desenvolvemento duns principios morais baseados nos dereitos humanos.

- Favorecer o desenvolvemento das habilidades sociais para mellorar a interacción entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Favorecer unha autoestima positiva do noso alumnado a través da súa participación na toma dalgunhas decisións.
- Desenvolver a capacidade de xestión emocional entre o noso alumnado.
- Desenvolver o sentido da responsabilidade social e do compromiso persoal.
- Impulsar a colaboración das familias no desenvolvemento dunha auténtica educación en valores.

ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

1. Actuacións Preventivas

a. DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO QUE SE MATRICULE POR PRIMEIRA VEZ NO CENTRO:

Alumnado de 4º de Educación Infantil

En xuño:

Celebrase unha xornada de portas abertas á que asiste o alumnado que comezará no grupo de 4º de Educación Infantil en setembro acompañado polas súas familias. O obxectivo é propiciar un primeiro contacto lúdico co centro para as crianzas e que as familias coñezan de primeira man a organización da aula e algunhas actividades que se desenvolven nela cada día.

Posteriormente convocase unha xuntanza informativa xeral coas familias na que se informa sobre:

- As liñas básicas do Proxecto Educativo.
- O horario da aula (distribución do tempo, actividades...).
- O profesorado especialista co que se conta.
- O período de adaptación do alumnado de infantil.
- A importancia de preparar o alumnado no verán reforzando hábitos que favorezan a súa autonomía en alimentación, vestido, aseo e control de esfínteres.
- As respostas á entrada na escola que as crianzas poden manifestar en canto a alteracións de comportamento e como actuar ante estas condutas.
- A postura que deben manter as familias, cunha actitude non proteccionista e que transmita unha imaxe real da escola.

En setembro:

Desenvólvese o período de adaptación. O alumnado novo vaise incorporando paulatinamente á aula en pequenos grupos seguindo unha temporalización elaborada pola persoa titora de acordo coas indicacións da normativa vixente.

Alumnado de nova incorporación nos restantes niveis

Antes de que a crianza se escolarice tentarase de que o/a seu/súa titor/a dispoña de toda información posible sobre o alumno/a.

No caso de que haxa algún aspecto importante do que informar ou NEAE, o/a titor/a compartirá esa información con todo o profesorado que intervén na educación do alumno/a, que traballará dun xeito coordinado co titor.

Desde o principio aseguraremos de que a crianza saiba que o/a titor/a é a súa referencia máis directa no colexio e que pode acudir a el/ela sempre que teña algunha dúbida ou dificultade.

Unha vez escolarizada a crianza a persoa titora citará á familia co fin de manter un primeiro contacto e de reunir toda aquela información que poidan estimar oportuna.

O profesorado realizará unha avaliación inicial contemplando a exploración das experiencias, intereses e vivencias do/a alumno/a, para o que utilizará procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación variados: observacións, probas orais, probas escritas... Esta avaliación será o elemento que nos sirva de punto de partida e guía para a atención educativa do alumno/a.

O profesorado titor fomentará a coordinación con todo o equipo docente que atende ao alumno/a, para asegurar que os criterios en canto a metodoloxía, uso de materiais, ritmo de aprendizaxe, etc. sexan comúns.

O día da súa incorporación realizaranse as dinámicas de aula habituais para traballar a cohesión do grupo de forma que a súa incorporación se desenvolva nun ambiente acolledor e lúdico para todo o alumnado.

Propiciarase que sexan os/as propios/as compañeiros/as os/as que lle amosen a dinámica da clase e os modos de comunicación e relación máis frecuentes, sen caer no proteccionismo.

Poderá nomearse un/ha alumno/a para que o/a acompañe no tempo de ocio ata que vaia facendo o seu grupo de amigos. (Alumnado titor). As funcións do alumnado titor serán: evitar un posible illamento os primeiros días, orientalo/a sobre o funcionamento do centro e colaborar co profesorado titor comunicándolle as dificultades que observe.

Outro dos recursos a utilizar é organizar distintos tipos de agrupamento para o desenvolvemento das actividades dentro da aula:

- Traballar en pequeno grupo para favorecer relacións de compañeirismo positivo entre alumnado e o espírito de cooperación e colaboración.
- Procurar traballar de xeito individualizado (profesor-a/alumno-a) en momentos determinados e breves. Estes momentos de atención individualizada favorecen a seguridade do/a alumno/a. Por outra banda, non hai que esquecer que para que un/ha alumno/a se integre adecuadamente é moi importante que se sinta cómodo/a co profesorado.

- Reforzar a súa autoestima ofrecéndolle participar en actividades grupais onde poida demostrar as súas habilidades para reforzar a consideración positiva dos/as compañeiros/as.

Alumnado de nova incorporación procedente do estranxeiro

O Plan de Acollida para o Alumnado Procedente do Estranxeiro (PAAPE), que se enmarca dentro do Plan de Acción Titorial (PAT), elabórase coa finalidade de dar resposta a esta nova realidade escolar e social: a chegada de poboación de orixe estranxeira e o retorno de emigrantes galegos. Esta nova realidade require a adopción, por parte da escola, de medidas de tipo organizativo e de tipo pedagóxico. A primeira medida é procurar canto antes a súa integración.

Co alumnado procedente do estranxeiro enfrontámonos a situacións como:

- A existencia ou non de escolarización previa no seu país de orixe.
- O desaxuste entre sistemas educativos.
- O descoñecemento do noso sistema educativo.
- Os desfases curriculares.
- O idioma do seu país de procedencia e a realidade de tres linguas no centro escolar: galego, castelán e inglés.
- A problemática derivada dunha situación socioeconómica desfavorecida.
- A incorporación en calquera data do curso escolar, non coincidente necesariamente co inicio do curso.

Por outra banda, esta nova poboación escolar ofrece un enriquecemento para a comunidade educativa en xeral e para a educación do alumnado en particular, como:

- O contacto cunha cultura diferente que contribuirá a ampliar os coñecementos xeográficos, históricos e a visión global do mundo.
- O contacto con costumes diferentes que facilitarán a aprendizaxe na resolución de conflitos nunha sociedade plural.
- A achega doutros valores que, na convivencia diaria, favorecerá unha aprendizaxe real e práctica da tolerancia e do respecto polo diferente.

Obxectivos

A finalidade principal deste PAAPE é facer dos primeiros días no centro unha situación máis doada e humana e, consecuentemente, lograr o antes posible a súa integración escolar. Para isto propoñemos os seguintes obxectivos:

- Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.

- Favorecer a súa adaptación progresiva ó centro.
- Proporcionar, ás familias e ao propio alumnado, información sobre o funcionamento e organización do centro educativo.
- Fomentar actitudes de respecto cara a estes alumnos e alumnas e facilitarllelo proceso de integración.

Plan de actuación.

Dirección

Correspóndelle á Dirección a recepción do alumno/a e dos seus pais. Esta terá lugar nos despachos de secretaría, xefatura de estudos ou dirección. A finalidade desta primeira toma de contacto é a matriculación do alumno ou alumna e o intercambio de información.

Para a formalización da matrícula, a familia deberá aportar a información necesaria para facilitar a integración do seu fillo: lugar de orixe, situación persoal e laboral, escolarización previa, competencia comunicativa, expectativas con respecto ó centro...

Por outra parte, o Dirección facilitará información básica sobre:

- O Sistema Educativo Español.
- As etapas educativas que impartimos no centro.
- Os grupos e niveis dos que dispoñemos.
- Os recursos materiais e humanos cos que contamos.
- O CPI ao que estamos adscritos ao rematar a Educación Primaria.
- O horario de clases e de atención ás familias.
- A oferta de actividades complementarias.
- As actividades nas que colabora a ANPA.
- Os servicios cos que contamos: transporte.
- As normas xerais de funcionamento establecidas nas NOF.
- Calquera outra información que poida ser de interese para a familia.
- Mostraránselle ao alumnado e ás súas familias as instalacións e dependencias do centro.
- Unha vez formalizada a matrícula, emprazarase de novo ós pais para iniciar a escolaridade do alumno.

Como criterio xeral, matricularase provisionalmente ao alumnado no nivel que lle correspondería por idade co compromiso de revisar tal decisión no prazo dunha semana (cinco días hábiles).

Unha vez matriculado, solicitarase, se é o caso, ao organismo competente o traslado do expediente do alumno/a.

A Dirección informará desta nova escolarización a todo o profesorado e á persoa responsable do Departamento de Orientación.

Profesorado titor

O primeiro día de clase é un momento moi importante para o alumnado que chega de fóra e, en moitos casos, co curso xa avanzado. Aínda que a súa escolarización nun determinado grupo-clase sexa provisional (mentres se realiza a avaliación inicial), iso non impide levar a cabo unha serie de actuacións encamiñadas a favorecer a súa integración no centro.

Consideramos prioritario dar resposta ós sentimentos de inseguridade, ós medos, ás estrañezas..., que poida presentar o alumno.

Coa finalidade de minimizar estes sentimentos faise imprescindible facer unha preparación para recibilo sen deixar estes momentos á improvisación ou ó acontecer espontáneo, polo que o profesor-titor debe:

- Informar ó equipo docente dese grupo-clase da incorporación inmediata dun novo alumno/a.
- Ter notificado previamente ós seus alumnos a existencia dun novo compañeiro e seu nome..
- Ter realizado algunha actividade previa á incorporación co seu grupo-clase: nome do país de procedencia, situación xeográfica, lingua, costumes...
- O día da súa incorporación, facer as presentacións de todos os nenos do grupo.
- Presentarse como titor/a e explicarlle ó novo alumno/a que terá tamén outros profesores: de inglés, de educación física...
- Explicarlle que estas clases teñen outro espazo físico e que a elas irá acompañado co resto do grupo.
- Contar coa axuda e colaboración dalgún neno/a para a titorización á hora de desenvolverse polo centro: cambios de clase, polideportivo, aseos, patio de recreo...
- Presentalo ao profesorado especialista.

Nestes primeiros días de clase do novo alumno/a, o profesor-titor realizará a avaliación inicial. Contará coa colaboración do equipo docente e co departamento de orientación.

Recollerá por escrito as conclusións do proceso de avaliación e poñeráas en coñecemento dos profesionais implicados e da xefatura de estudos.

Departamento de Orientación

Unha vez formalizada a matrícula, a persoa responsable do departamento de orientación concertará unha entrevista coa familia coa finalidade de reunir unha información máis polo miúdo que resultará necesaria para facer a proposta de escolarización.

Nesta reunión coa familia reunirase información a través dos documentos correspondentes e solicitarase da familia a conformidade asinada de avaliación psicopedagóxica por se fose necesaria.

Con posterioridade, e xa situado provisionalmente o alumno/a no grupo-clase, o procedemento é o seguinte:

- Revisión da documentación existente e do expediente escolar (se o houbese).
- Colaboración co profesor-titor na avaliación inicial do alumno/a.
- Observación directa no grupo-clase (actitude, participación, relacións cos demais...).
- Participación directa na avaliación individual do alumno/a (pedagóxica e psicopedagóxica, se procede).
- Revisión e análise das aportacións do profesor-titor e da avaliación inicial realizada.
- Realización de informe con proposta de escolarización: continuidade no mesmo nivel/grupo/etapa ou nova ubicación.

Avaliación Inicial

Como xa quedou reflectido anteriormente, cando un alumno/a procedente do estranxeiro se incorpora de novo ó centro, a escolaridade provisional faise xunto co seu grupo normativo de idade. Antes de tomar outras decisións organizativas ou curriculares, compre realizar a correspondente avaliación das competencias do alumno/a. Esta farase na primeira semana de incorporación dos novos alumnos (nos cinco primeiros días hábiles). Este prazo xustifícase por unha banda coa finalidade de obter a maior información posible e por outra parte dándolle ó alumno un período de adaptación sen alongar no tempo a decisión que se considere máis axeitada.

Na avaliación inicial participará o profesor-titor contando coa colaboración dos profesores especialistas de área ou materia e o departamento de orientación.

Durante a primeira semana e para levar a cabo a avaliación, prestaráselle ó alumno/a unha atención máis detallada mediante a observación da súa actitude, a relación co grupo, a participación na clase, o traballo escolar, a aplicación de probas de nivel...

Paralelamente, e de forma individual, o departamento de orientación realizará unha avaliación complementaria que incluírá probas pedagóxicas e/ou psicopedagóxicas coa finalidade de aportar información sobre o grao de madurez do alumno/a.

O profesor-titor reflectirá nun informe as conclusións da avaliación inicial realizada e as valoracións do equipo docente. O departamento de orientación, tendo en conta o citado informe e a avaliación realizada desde o propio departamento, fará un informe no que se recollerá a proposta de escolarización que se considere.

Proposta de escolarización

Tomando como referente a normativa vixente, faise necesario ter en conta unha serie de aspectos á hora de propoñer a escolarización dun alumno/a nun determinado nivel/grupo/clase.

Criterios de escolarización

- A idade cronolóxica: a citada normativa permite unha escolarización de ata dous anos por debaixo do seu grupo normativo de idade e mesmo contempla a posibilidade de escolarización nunha etapa non obrigatoria se fose o caso.

- O desenvolvemento físico e intelectual, o grao de madurez xeral e as competencias curriculares adquiridas.
- A lingua ou linguas de instalación e comunicación utilizadas polo alumno/a: emprego dunha das linguas oficiais en Galicia ou descoñecemento de calquera delas.
- As características do grupo/clase no que ha de escolarizarse.

Información: dirección, titor-equipos docentes, familia

O departamento de orientación informará á Dirección e ao Claustro sobre a escolarización proposta. Posteriormente, a Dirección e a persoa responsable do departamento de orientación, informarán á familia da escolarización proposta.

Medidas de atención previstas polo centro

A resposta ás medidas de atención que requira un determinado alumno/a procedente do estranxeiro, está en relación coa súa casuística particular. En todo caso, as medidas previstas pola normativa vixente poden ser:

De tipo curricular:

- Segundo as competencias curriculares adquiridas, un determinado alumno/a pode requirir reforzo educativo do equipo docente en distintas áreas ou materias e colaboración directa do profesorado especialista de AL do centro.
- Se o alumno/a coñece alomenos unha das dúas linguas oficiais de Galicia, utilizaríase esta como vehículo de comunicación para a inmersión na outra lingua oficial.
- Outra medida contemplada na normativa vixente fai referencia ás adaptacións curriculares. Esta medida extraordinaria adoptaría unha vez esgotadas as medidas ordinarias.
- Esta medida fai referencia ás flexibilizacións de idade, segundo a cal o alumnado procedente do estranxeiro pode ser escolarizado nun nivel distinto ó que lle correspondería por idade.

De tipo organizativo.

- As clases de adquisición das linguas son agrupamentos flexibles de atención individualizada. Esta medida vai dirixida ao alumnado que descoñeza ámbalas linguas oficiais da nosa comunidade. Neste caso poden darse as seguintes situacións e respostas:
 - **Con coñecementos de lingua estranxeira** (inglés ou francés): a inmersión faríase a partir do inglés ou francés coa colaboración do profesorado. O profesorado que teña recoñecida calquera destas especialidades sería o máis axeitado para levar a cabo esta tarefa específica.
 - **Sen coñecementos de lingua estranxeira** (inglés ou francés): a inmersión requiriría un tratamento individualizado no que ademais do mestre/a titor/A e o equipo docente faríase necesaria a colaboración do especialista de AL.

- Esta medida de actuación terá un tempo máximo de aplicación dun trimestre.
- As clases de adaptación da competencia curricular son tamén agrupamentos flexibles que van dirixidos ó alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos.

A permanencia nestas clases levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar coincidindo, preferentemente, con parte do horario destinado ás áreas instrumentais.

Esta medida de actuación vai dirixida ao alumnado de 3ºEP, 4ºEP, 5ºEP e 6ºEP e pode estenderse ao longo de todo o curso. O alumnado deberá incorporarse plenamente ó seu grupo ordinario despois de que o equipo docente e a xunta de avaliación considere superadas as necesidades educativas do alumno/a debidas ó desfase curricular.

As medidas de tipo organizativo deben ser autorizadas pola Xefatura Territorial, logo da solicitude da dirección do centro e o correspondente informe da inspección educativa. Para que un alumno/a poida recibir algunha destas clases é necesario que a súa familia sexa informada previamente.

Acollida ás familias

Presentación do centro e as súas dependencias

Cando unha familia acoda ao centro por primeira vez coa intención de escolarizar a unha crianza a dirección procederá a amosarlle as instalacións e as distintas dependencias, compartindo ao mesmo tempo as experiencias que se lle van a ofertar ás crianzas en cada lugar de xeito que reciba unha primeira impresión positiva e acollidora.

Facilitar a matriculación do alumnado

Unha vez que a familia decide iniciar o proceso de matriculación, será novamente atendida pola dirección. Nesta segunda toma de contacto explícaselles detalladamente os trámites administrativos a realizar e a documentación que deben aportar.

Xuntanza de presentación do curso

Ao comezo de cada curso académico realizarase unha xuntanza colectiva con todas as familias para presentarles ao profesorado, os aspectos fundamentais do período escolar e darlles unhas nocións básicas sobre as normas de funcionamento do centro.

Posteriormente realizarase unha xuntanza coa persoa titora na que se informará das dinámicas da clase, as metodoloxías empregadas, as normas de convivencia e tamén se lles fará entrega da documentación de inicio de curso.

- b. Organización de entradas, saídas, recreos e cambios de clase:

Transporte escolar. A maior parte do alumnado chega ao centro utilizando o transporte escolar. As familias acompañan ás crianzas na parada ata que chega o autobús, momento en que pasan a estar baixo a supervisión da persoa cuidadora. En prevención de posibles conflitos durante o traxecto a dirección está en contacto permanente coas persoas acompañantes.

O profesorado de garda encárgase da vixilancia do alumnado desde o momento no que chega pola mañá ata que soe o timbre musical de entrada e no tempo de espera a que cheguen os autobuses a recollelo ao mediodía.

Recreos. O recreo desenvólvese entre as 11:30h e as 12h e nese tempo hai dous membros do profesorado encargados da vixilancia do alumnado. Os días de chuvia non se sae ao patio exterior, delimitase unha zona do patio cuberto exclusiva para o alumnado de Infantil e o alumnado de Primaria pode elixir entre xogar na zona azul ou na zona gris con xogos de mesa.

Cambios de clase. Os cambios de clase realízanse coa maior coordinación e puntualidade posible.

2. Actuacións formativas.

O centro participa en todos aqueles programas e actividades que supoñen a mellora da convivencia dentro do seo da comunidade escolar.

3. Actuacións de ámbito curricular.

Nas aulas traballamos de forma transversal a todas as áreas o concepto de que todas e todos formamos parte dunha comunidade. Polo que o noso punto de partida na convivencia diaria ten que ser o respecto cara as demais persoas, e a toma de conciencia da capacidade que temos para reflexionar e de poñernos no lugar das/os demais se queremos tamén ser respectadas/os.

A educación medioambiental, a educación para paz, a educación para a igualdade, a educación para a saúde e o consumo, a educación viaria, a educación en valores e habilidades sociais, as técnicas de resolución de problemas e/ou conflitos forman parte da formación do alumnado como cidadáns e cidadás.

PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30.2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO.

- a) Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
- b) Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
- c) Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou DOS órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

Nas NOF recóllese unha serie de medidas a adoptar diante daquelas condutas consideradas prexudiciais para a convivencia, incluíndo situacións de acoso escolar. As consecuencias sobre a persoa presuntamente acosadora serán as que se reflectan nesas normas.

PREVENCIÓN E DETECCIÓN:

- Nas titorías trabállase co alumnado a definición de situación de acoso, tanto individual como colectivamente sobre un/ha alumno/a. Inclúese este tema transversalmente en tódolos cursos.
- Ao alumnado fáiselle saber o carácter confidencial sobre a denuncia que poida facer sobre un acosador/a, así como a súa protección desde o primeiro momento.
- O profesorado observa posibles condutas estrañas que poidan facer sospeitar desta situación, facéndollo saber inmediatamente á persoa titora en primeira instancia, e esta, á Dirección. A persoa titora indaga sobre esta posibilidade a través da conversa coa posible vítima, e coas posibles persoas acosadoras en contextos separados. En caso de reforzarse esta sospeita, actívase o protocolo de acoso.
- Desde o D.O. facilítase información e bibliografía ao profesorado e as familias sobre o acoso, especialmente no referido á detección e á actuación máis axeitada.
- Foméntase a intervención de especialistas no tema para previr, informar e resolver dúbidas .

ACTUACIÓN:

Detectado o problema, o primeiro que se fai é comunicalo á Dirección; tomar medidas de protección da vítima: dende ese momento, o/a alumno/a permanece continuamente baixo o amparo dun membro do profesorado, tanto nos momentos de clase, como nos de recreo, cambios de clase, traslado ao bus, etc.

A Dirección pide un informe dos feitos á persoa que detectou a situación, e nomea un/ha mediador/a entre o profesorado, preferiblemente un/ha do/as docentes do/a alumno/a que considere que poida darlle máis confianza. Esta persoa mediadora actúa como protector do/a alumno/a, procurando coa súa actuación devolverlle a confianza e seguridade perdidas.

Paralelamente, a dirección actúa en función da gravidade da situación, tendo en conta: a idade do alumnado afectado e a oportunidade educativa que poida ofrecer esta situación para a vítima, os agresores/as, e o resto do alumnado.

Tendo en conta isto o Claustro ten que determinar o carácter da conduta realizada polo/s presuntos/as acosador/a ou acosadores/as, establecendo dúas vías diferentes nos casos de condutas leves contrarias á convivencia ou de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

- No primeiro caso infórmase á familia e o Claustro impón unha sanción axeitada.

- No segundo caso desenvólvese o procedemento que a normativa establece. (Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso).

NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, ASÍ COMO O PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE INCUMPRIMENTO DAS MESMAS.

Artigo 19. Normas de convivencia

1. As normas de convivencia, que serán elaboradas polos centros docentes, terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

2. En particular, as normas de convivencia de cada centro docente concretarán os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e neste decreto.

3. Poderán incluír previsións sobre a vestimenta do alumnado no centro docente ou a maneira de presentarse neste, orientadas a garantir que non atenten contra a súa dignidade, non supoñan unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impidan ou dificulten a normal participación do alumnado nas actividades educativas.

4. Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.

Como normas básicas de convivencia que se deben compartir e impulsar sinálanse as seguintes:

- Uso de condutas asertivas, consistentes na expresión libre dos propios sentimentos e ideas, de forma positiva e respectuosa, sen ofender nin agredir ós demais.
- Emprego en tódalas situacións unha linguaxe correcta, tanto na forma coma no fondo.
- Utilización das normas de cortesía en tódalas situacións de convivencia: saúdos, desculpas, agradecementos, respecto das quendas de palabra....
- Respecto á integridade física dos demais, así coma á súa dignidade en todos os momentos da xornada incluídos os momentos de transporte e os recreos.
- Orde e puntualidade nas entradas e saídas e nos desprazamentos por corredores, escaleiras e demais dependencias.
- Uso adecuado das papeleiras ou colectores.
- As entradas e saídas do alumnado quedan rexistradas por escrito. So pode saír do recinto escolar acompañado por persoas autorizadas polos seus responsables que deberán asinar o impreso correspondente.

- O material e as instalacións do centro son para uso común e tódolos membros da comunidade deben usalo con sumo coidado e velar pola súa conservación.
- O material de uso común (medios audiovisuais, libros, material escolar funxible, mobiliario....) deben permanecer sempre no seu sitio e en boas condicións. Polo tanto, unha vez que son usados débense deixar sempre como se atoparon.
- As aulas e corredores de acceso ás mesmas son de uso docente. As familias non deben acceder a elas sen autorización expresa, para non interromper nin dificultar o normal desenvolvemento das actividades lectivas.
- A convivencia no centro é responsabilidade de todo o profesorado. Todo conflito debe ser resolto, a ser posible, polas persoas implicadas en primeira instancia. Se non quedase resolto interviría a persoa titora, a dirección e, en último caso, o Consello Escolar.

DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Son dereitos e deberes do alumnado os que se establezan neste documento e no resto das normas vixentes, considerando que:

- Todo o alumnado ten os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estea cursando.
- Todo o alumnado ten o dereito e o deber de coñecer a Constitución Española e o respectivo Estatuto de Autonomía, co fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles e nos Tratados e Acordos Internacionais de Dereitos Humanos ratificados por España.
- Todo o alumnado ten dereito a que a súa dedicación e esforzo sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, e a recibir orientación educativa e profesional.

Dereitos do alumnado

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- A que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade.
- A recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.
- A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- A que se lles respecte a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas.
- A ser educado fomentando a súa capacidade e actitude crítica, a súa capacidade de comprensión e elección en liberdade, a súa tolerancia e a súa convivencia democrática.

- Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto aos principios constitucionais.

Deberes do alumnado

- O deber máis importante do alumnado é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición. Por iso, o interese por aprender e a asistencia á clase, é dicir, o deber do estudo, é a consecuencia do dereito fundamental á educación.
- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respetar a liberdade de convivencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
- O alumnado debe respectar a liberdade de conciencia e as conviccións, dignidade, integridade e intimidade dos demais membros da comunidade educativa.
- O alumnado non pode fumar, consumir alcohol (ou calquera outra substancia perigosa para a saúde) no recinto escolar nin en calquera actividade relacionada co ámbito educativo.
- Ao alumnado non lles está permitido abandonar a aula en ausencia do profesorado, nin nos cambios de clase, salvo permiso explícito.
- O alumnado deberá abandonar a aula de clase nas horas de recreo. Non poderá quedar na aula nin nos corredores do centro mentres duren os recreos agás que permaneza baixo a vixilancia directa dalgún profesor/a.

DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS

Dereitos das familias

- A ser respectadas e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- A estar informadas sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- A ser oídas, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os.
- Colaborar, como primeiros educadores, na educación integral das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os.
- Participar activamente nas actividades do centro a través dos órganos e mecanismos que a lei establece.
- Formular suxestións, queixas ou peticións que consideren oportunas, á dirección e profesorado do centro nas horas de visita establecidas a tal efecto.
- Dereito de elixir ou ser elixido representante nos órganos de goberno do centro e a participar activamente nos mesmos.
- Participar na elaboración, desenvolvemento e modificación do NOF nos termos que a lei estableza.
- Recibir información puntual en caso de non asistencia a clase das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os.
- Promover e organizar actividades complementarias e extraescolares en colaboración con outros sectores da comunidade escolar.
- A que as/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os reciban unha educación de calidade.
- A incorporar as/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os ao Protocolo de Alerta Escolar.

Deberes das familias

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os, en colaboración co profesorado e co centro docente.
- Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Respectar ao profesorado e aos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os.
- Procurar a asistencia e puntualidade das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os ao inicio das actividades lectivas no centro, así como puntualidade na recollida á hora de saída.
- Xustificar debidamente as faltas de asistencia e/ou puntualidade que se produzan.
- Atender todo o referente ao coidado hixiénico e persoal das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os.

- Non interromper as tarefas docentes do profesorado, especialmente no momento das entradas ou durante as actividades lectivas.
- Conceder o debido valor aos resultados da avaliación continua que periodicamente reciban, estimulando e supervisando para que as/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os leven a cabo as actividades e tarefas que se lles encomenden.
- Acudir ao centro cando sexa requirido pola dirección, o profesorado titor, o/a orientador/a ou calquera dos/as profesores/as das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os.
- Notificar calquera alteración da saúde, física ou psíquica das/os súas/seus fillas/os ou pupilas/os, que poda precisar dunha atención educativa especializada.

DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

Dereitos do profesorado

- Ser respectados, recibir un trato adecuado e ser valorados polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- Desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- Participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- Utilizar as instalacións, mobiliario e material do centro.
- Realizar actividades culturais, deportivas e fomento dun traballo coordinado e en equipo.
- Participar de forma activa na vida escolar e na organización do centro.
- Formular ante os membros da comunidade escolar do centro cantas iniciativas, suxestións e reclamacións estimen oportunas.
- Participar en actividades e cursos de perfeccionamento, seguindo os requisitos que establece a lexislación vixente.
- Asesorar aos seus representantes no Consello Escolar e ser informados puntualmente por estes das resolucións tomadas nas reunión deste órgano.
- A recibir información de interese para a súa labor educativa, por parte de axentes externos. (formadores, editoriais, comerciais, etc.)

Deberes do profesorado

- Impartir as ensinanzas das materias ao seu cargo, de acordo coas programacións didácticas, utilizando os materiais didácticos axeitados.
- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa, con atención especial ao alumnado.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás familias sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa, das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- Asumir as titorías do alumnado, para dirixir a súa aprendizaxe e axudalo a superar as dificultades que atope.
- Aceptar os cargos e funcións que se lle encomenden, segundo a lexislación vixente.
- Respetar a integridade física, moral e dignidade persoal do alumnado.
- Cooperar e participar na actividade educativa e de orientación, achegando o resultado das súas observacións sobre as condicións intelectuais e persoais do alumnado.
- Participar nos traballos dos distintos cursos, equipos e demais órganos de coordinación, colaborando así co resto do profesorado en actividades de interese xeral.
- Colaborar na organización de actividades complementarias e extraescolares. A participación do profesorado nas actividades extraescolares terá carácter voluntario.
- Asistir ás reunións do Claustro, sesións de avaliación e reunións de equipos.
- Cumprir o seu horario de traballo no centro con regularidade e puntualidade, debendo xustificar os retrasos e ausencias de xeito regulamentado. Deberán, tamén, solicitar coa debida antelación aqueles permisos establecidos na lei e todas aquelas ausencias de carácter previsible, así como xustificar debidamente, todas aquelas ausencias de carácter imprevisible.
- escoitar ao alumnado nas súas obxeccións e suxestións, someténdooas a exame. Ser obxectivo na avaliación do rendemento e comportamento escolar do alumnado.

- Controlar diariamente as faltas de asistencia e puntualidade do alumnado a cada unha das súas clases, comunicando á dirección as ausencias inxustificadas.
- Atender aos procedementos sinalados para a comunicación e corrección de faltas na súa respectiva competencia.
- Informar ao alumnado sobre o seu rendemento escolar.
- Informar ás familias sobre calquera aspecto referente á escolarización das/os súas/seus fillas/os pupilas/os: rendemento, actitude, relación sociais, etc.
- Respetar e actuar de acordo co Proxecto Educativo e demais normativa do centro.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

En caso de condutas contrarias á convivencia o procedemento a seguir será:

1. A persoa docente testemuña do feito recollerá toda a información que poida sobre o que ocorreu, valorará a situación e, en caso de consideralo necesario, cubrirá un parte de convivencia que entregará á persoa titora.
2. A persoa titora quedará cunha copia e entregará o orixinal na secretaría para que sexa arquivado.
3. Nun prazo de 24 horas a persoa titora deberá informar á familia abrindo unha incidencia en Abalar.
4. Se algunha das partes o considerase necesario poderase convocar unha xuntanza de titoría.
5. En caso de reiteración nos comportamentos contrarios á convivencia ou faltas gravemente prexudiciais aplicarase a normativa. A dirección informará á familia e levará á incidencia ao Claustro que tomará as medidas educativas pertinentes.
6. A dirección convocará unha xuntanza coa familia para comunicar as medidas acordadas polo Claustro.

ESTABLECEMENTO DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO QUE, DE SER O CASO, SE APLICARÁN, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO DECRETO QUE DESENVOLVE A LEI 4/2011 E DEMAIS NORMATIVA QUE SEXA DE APLICACIÓN.

1. Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.
2. Os procesos de corrección forman parte dun proceso educativo, polo que deben reunir os seguintes requisitos:
 - a) Ter carácter educativo e recuperador.

- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
 - c) Contribuír a que a/o alumna/o corrixida /o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con tódolos membros da comunidade educativa e se integre no centro educativo.
 - d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.
3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
 4. No caso en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
 5. Garantiráselle o alumnado vítima a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación.
 6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.
 7. Ningún/ningunha alumno/a poderá ser privado do seu dereito á educación.
 8. Non poderá imporse corrección contraria á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
 9. Para alumnado menor de idade, os seus proxenitores ou representantes legais deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten.

Clases de condutas contrarias á convivencia

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:
 - i) Condutas gravemente prexudiciais para á convivencia.
 - ii) Condutas leves contrarias á convivencia.
2. De acordo co establecido no artigo 28 da lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas relacionadas a través de medio electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberá por en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

Gradación das medidas correctoras.

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e , de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluído os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

Reparación dos danos causados.

- 1) O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individualmente ou colectivamente, de forma intencionada ou por neglixencia, ás instalacións e materiais do centro, incluídos os equipamentos informáticos e os software, e a os bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras e titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
- 2) Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza da falta cometida.
- 3) O réxime de responsabilidade e reparación de danos é compatible coas correccións disciplinarias que correspondan.

Ámbito de corrección.

- 1) Deben corríxirse as condutas que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva no recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do recinto, así como durante a prestación de servizos de comedor e transporte escolar.
- 2) Poderán corríxirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

Aspectos formais dos procedementos correctores

- 1) A constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito.

2) O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente. Deberá conter os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora de comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se considera infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos do alumnado incurso/a no procedemento, e tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.
- e) Identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dará lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

3) A incoación do procedemento notificarase á nai ou o pai, á titora ou titor legal do alumno/a, con indicación da conduta que se motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente e instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

4) As citacións ao alumnado, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

5) A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas/os ou representantes legais, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

6) As audiencias e comparecencias das nais e pais son obrigatorias para eles/as, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

7) A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

Das condutas leves contrarias á convivencia e da súa corrección

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

1) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

2) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou

extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j)

3) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

4) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

5) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Medidas correctoras das condutas leves prexudiciais para a convivencia

1) Amoestación privada ou por escrito.

2) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupa a xefatura de estudos.

3) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

4) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

5) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

6) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

7) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

8) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables da aplicación das medidas correctoras

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Artigo 38. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou sociais.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 39. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixiadas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

Artigo 40. A proposta de cambio de centro

1. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.

2. Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.

3. A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.

4. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.

5. A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de

cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

Artigo 41. Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III deste decreto.
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

AS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓN E O PLAN DE ACTUACIÓN E, DE SER O CASO, DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA OU DA ESCOLA DE NAIS E PAIS.

1. A comisión de convivencia se constituírase no Consello Escolar. Terá carácter consultivo e de desempeñar as súas funcións por delegación do consello escolar.
2. A comisión de convivencia estará integrada por igual número de mulleres que de homes de tódolos sectores da comunidade: profesorado, familias e persoal de administración e servizos. Será presidida polo director/a e unha persoa integrante actuará de secretaria/a e levantará acta das reunións.
3. Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou, polo menos, dunha terceira parte dos seus membros.
4. Funcións:
 - a) Elaborar o plan de convivencia do centro , desenvolvemento e seguimento do plan.
 - b) Adoptar medidas preventivas.
 - c) Impulsar medidas de igualdade entre homes e mulleres e igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa ea resolución pacífica de conflitos.
 - d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportuna para mellorar a convivencia, así como dar conta alo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas, correccións e medidas disciplinarias impostas.
 - e) Propor as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
 - f) Coñecer o cumprimento das correccións e medidas correctoras.
 - g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro. Es te informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección educativa.

5. Cando a comisión de convivencia o considere oportuno a comisión de convivencia, poderá solicitar o asesoramento dos profesionais do departamento de orientación, do profesorado titor relacionado co tema que analice, do educador/a social do concello ou doutros profesionais

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

Actuacións xerais.

- Realizar actividades de difusión do Plan de Convivencia entre todos os sectores da comunidade educativa (xuntanzas e charlas expositivas dirixidas ao alumnado, profesorado, familias e persoal non docente). Non consideramos os aspectos da convivencia só como aspectos organizativos senón ademais como contidos a desenvolver e parte de formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe.
- Mellorar a vixilancia nos períodos de lecer prestando especial atención aos accesos, patios de recreo e zonas de xogo.
- Organización dos espazos e control dos corredores nos cambios de clase. Compromisos de puntualidade do profesorado. Supervisión pola dirección.
- Colocación dunha “Caixa de correo de aula” onde o alumnado poida expoñer se sofre calquera situación de conflitividade ou se a detectou no contorno escolar.

Actuacións da Dirección e dos Órganos Colexiados.

- Debate e revisión do Plan de Convivencia por parte do Equipo de Convivencia, do Claustro e do Consello Escolar.
- Concreción de actuacións para cada curso escolar (Plan Xeral Anual). Trátase da adaptación e posta en marcha daquelas accións anuais que, partindo do Plan de Convivencia, axuden á mellora do clima de ensino-aprendizaxe.

Actuacións do profesorado.

Ante os conflitos e faltas de orde que poidan aparecer, o profesorado debe actuar con flexibilidade, moderación e criterio, tendo en conta á persoa e as diferenzas individuais do alumnado. Debe coidar que ao aplicar a medida correctora o alumnado vexa que é xusta, necesaria, sentida, comprendida e aceptada para que así se converta en motivación para un cambio positivo. A finalidade é establecer un clima de traballo axeitado e tentar mantelo durante todo o curso. Unha práctica que pode axudar é que cada profesor/a na súa materia trate de consensuar as normas de funcionamento do grupo clase.

A acción titorial é a actividade docente máis especificamente indicada para traballar co alumnado a convivencia escolar e a resolución de conflitos, sen por iso esquecer que esa tarefa é responsabilidade de toda a comunidade educativa e que debe estar presente no conxunto da vida escolar.

O Plan de Acción Titorial (PAT) guía a acción de todos os docentes do noso centro nas tarefas titorías e na que se debe prestar especial interese á promoción da convivencia e ao tratamento dos conflitos interpersoais. Neste plan recóllese a realización dunha serie de actividades:

- Actividades de acollida e integración do alumnado : Recepción do alumnado polos seus respectivos titores e establecemento de forma consensuada das normas de convivencia que van regular o funcionamento de cada grupo-clase.
- Desenvolvemento de actividades para reforzar as habilidades sociais, a prevención do maltrato e do acoso.
- Actividades de reparto de responsabilidade no grupo.
- Realización de actividades que favorezan o desenvolvemento dun auto concepto e autoestima axeitado.
- Actividades para o coñecemento por parte da comunidade educativa do Plan de Convivencia.
- Fomentar as asembleas de clase, que ao tomar decisións que afecten a todo o grupo, tanto o titor/a como os profesores das especialidades poidan establecer canles de participación e de resolución de conflitos.
- Nas sesións de titoría co alumnado incluír unha análise da convivencia no grupo e formular propostas de mellora.
- No relativo ás familias, presentar moi claramente as posibilidades de comunicación e participación desde o principio: axendas, día de entrevistas co titor ou titora, horario, xuntanzas con outros membros do profesorado e a dirección.
- Coidar a acollida de cada novo profesor ou profesora ao centro, despedidas por traslado, xubilacións...
- Traballar todos os niveles de participación para que as familias sintan que o centro é un lugar agradable onde se teñen en conta as súas opinións e para iso é fundamental o traballo desde a titoría.

Actuacións do alumnado.

- Comunicar aos/ás titores/as as presuntas situacións de conflitos, maltrato, acoso, agresións...
- Participar nas diferentes actividades que se realizan no centro para a mellora na convivencia.
- Rexeitar condutas contrarias ás normas de convivencia, sexistas, de racismo, xenofobia... dentro e fóra do contorno escolar.

- Colaborar co profesorado na acollida de alumnado de novo ingreso. Establecer a figura do alumno/a titor (Plan de Acollida). Especial coidado na integración do alumnado con NEAE e do alumnado inmigrante.
- Participar no coidado da “ecoloxía do colexio”: tentar manter unha clase limpa, agradable, ordenada, ben decorada, personalizada segundo os gustos do seu alumnado. Trátase de promover a participación do alumnado neste aspecto para favorecer que se sintan “orgullosos da súa aula”.

Actuacións das familias.

- Respetar as normas de convivencia e funcionamento.
- Colaborar co profesorado en cantas cuestións se lles soliciten.
- Informar ao titor/a do seu fillo/a de situacións de alteración do comportamento, acoso ou intimidación.
- Colaborar co centro nas medidas impostas aos seus fillos/as por condutas contrarias ás normas de convivencia.

Coordinación con outras institucións.

- Colaborar e ter un contacto periódico cós Servizos Sociais. Este contacto establecerase fundamentalmente entre a dirección do centro e os Servizos Sociais do Concello. Pedirase a colaboración cando sexa preciso traballar, dende un punto de vista social, con algunha familia en concreto.
- Liñas de colaboración con sanidade, ben para colaborar en distintas campañas de carácter xeral ou dun xeito máis específico cos centros de orientación familiar, ou coa Unidade de Saúde Infantil - Xuvenil, no caso de alumnado que deba ser remitido a este servizo polo departamento de orientación. Neste último caso realizarase un seguimento conxunto dos mesmos.
- Colaboración cos servizos de xustiza, especialmente no caso de tutela de menores, defensa dos dereitos dos menores, problemas de absentismo escolar que non sexan resoltos nos contactos previos coas familias.
- Solicitud de colaboración cos Equipos de Orientación Específicos no caso de alumnado NEAE.

ESTRATEGIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Artigo 17. Difusión do plan de convivencia

1. O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa.
2. A consellería con competencias en materia de educación facilitará a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.

PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Artigo 16. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia

1. Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e a avaliación do plan de convivencia.
2. O equipo directivo dos centros docentes garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.
3. A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.
4. Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.
5. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para a recollida de incidencias en materia de convivencia nos centros educativos dela dependentes, a través de medios electrónicos ou telemáticos.